

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DUNHA APLICACIÓN DE MOBILIDADE PARA O SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRAL DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

En Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Conselleiro do Medio Rural segundo o
Decreto 99/2018, (DOG núm. 185) polo que se dispón o seu nomeamento,
actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de
Galicia, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983,
do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación
da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011,
do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do
16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar
o presente acordo de colaboración, e na súa virtude.

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo.- Que o DECRETO 149/2018, de 5 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería del Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías de la Xunta de Galicia, establece a estrutura da Consellería de Medio Rural, establecendo como un dos seus órganos superiores a Dirección Xeral de Defensa do Monte, á que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimento.

Entre as funcións e competencias, establécense as de coordinar ás administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais, prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxenizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos, asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos, planificar as medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento - impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes - , dirixir os equipos de vixilancia, desenvolver o Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais dentro de cada Plan de Ordenación dos recursos forestais de distrito, impulsar, comprobar e esixir a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e manter o orientación aos concellos de ámbito rural a fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.

Para o exercicio das súas competencias, a devandita Dirección Xeral conta con dúas subdireccións xerais, sendo a Subdirección Xeral de Prevención a encargada da realización das actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, o exercicio das funcións de apoio ás administracións locais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a elaboración de estudos e análises de causalidade e de planificación preventiva, a protección dos chans queimados, o control das medidas normativas de carácter preventivo e a tramitación de expedientes sancionadores e as medidas de divulgación en materia de defensa contra os incendios forestais.

Para o correcto desenvolvemento das competencias e funcións anteriormente descritas, cómpre desenvolver determinadas actuacións en materia tecnolóxica para o desenvolvemento, posta en funcionamento e soporte dunha ferramenta en mobilidade para a xestión das da biomasa nas faixas secundarias.

Terceiro.- O día 9 de agosto de 2018, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA asinaron un convenio de colaboración en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O devandito convenio foi publicado no DOG por Orde da Consellería do Medio Rural de data 9 de agosto de 2018 (DOG Núm. 156 de data 17 de agosto de 2018).

Con data 15.04.2019, a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga asinaron a primeira addenda ao devandito convenio, publicado por Resolución da Consellería do Medio Rural de data 26 de abril de 2019 (DOG núm. 90 do 13.05.2019). Posteriormente, con data 28.11.2019, a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga asinaron a segunda addenda ao devandito convenio, publicado por Resolución da Consellería do Medio Rural de data 5 de decembro de 2019 (DOG núm. 6 do 10.01.2020), que incluía as seguintes modificacións principais:

O obxecto do devandito convenio é instrumentar a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao convenio mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa e ten por fin garantir a prevención de incendios forestais,

de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas da interface urbana garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.

O desenvolvemento da aplicación en mobilidade contéplase no apartado 2 da cláusula Quinta bis do citado convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, modificado polas súas addendas primeira e segunda.

Segundo o recollido no punto 2 da devandita cláusula Quinta bis, para axilizar os procesos de rexistro da información asociada ao traballo de campo na base de datos asociada a XESBIO desenvolverase unha ferramenta en mobilidade (app). Esta app tamén permitirá a consulta da base de datos de XESBIO (tanto de información xeográfica como histórica) para o apoio das tarefas a realizar *in itinere*.

Finalmente, no punto 2 da cláusula Quinta bis establécese que a execución desta ferramenta en mobilidade levarase a cabo pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) mediante a sinatura do correspondente acordo de colaboración coa Consellería do Medio Rural.

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos

intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a Consellería de Medio Rural e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: Obxecto

O obxecto deste acordo é desenvolver unha aplicación en mobilidade asociada ao sistema de xestión integral de biomasa nas faixas secundarias. Esta aplicación en mobilidade busca ser unha ferramenta que axilice o traballo de campo que realizan diferentes persoas usuarias no marco dos procesos que permiten a xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa.

Segunda: Financiamento

O importe da achega da Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, para a execución do proxecto mencionado ascenderá a un máximo de 130.000 euros (CENTRO TRINTA MIL EUROS), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2020: 10.000 €

Anualidade 2021: 100.000 €

Anualidade 2022: 20.000 €

Serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento: 14.02.551B.741.14, proxecto 2011-00771.

<i>Actuación e aplicación orzamentaria</i>	<i>Ano 2020</i>	<i>Ano 2021</i>	<i>Ano 2022</i>	<i>Total (IVE incluído)</i>
<i>14.02.551B.741.14</i>	<i>10.000 €</i>	<i>100.000 €</i>	<i>20.000 €</i>	<i>130.000 €</i>

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2020, 2021 e 2022.

Tercei Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Desenvolvemento, posta en funcionamento e soporte dunha aplicación en mobilidade multiplataforma asociada ao sistema de xestión integral de biomasa nas faixas secundarias capaz de funcionar de forma conectada ou desconectada. Esta aplicación en mobilidade dará cumprimento as seguintes funcionalidades:

i. Consulta de información xeográfica

ii. Consulta de información a nivel de parcela

iii. Rexistro de inspeccións

iv. Rexistro de orzamentos de actuacións asociadas á xestión da biomasa

b) A tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Asemade desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería de Medio Rural e a Amtega, sempre que o



seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería de Medio Rural recollido na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega."

Cuarta.- Previsións de desenvolvemento

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Qui Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 30 de novembro de 2022.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

Sexta.- Réxime x e resolución de c

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



E en proba de conformidade co exposto, asinan este Acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

O conselleiro

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de
Galicia